



Campaña de vacinación antigripal 2022

En Santiago de Compostela, a catro de novembro de 2022

Estimada/o Director/a,

O pasado 10 de outubro a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde, puxo en marcha a campaña anual de vacinación antigripal, que se prolongará ata o 31 de decembro.

A principal novidade este ano é a incorporación da **vacinación sistemática dos nenos/as entre os 6 e os 59 meses**.

En Galicia, en anteriores campañas, recomendábase dita vacinación á poboación infantil con condicións de alto risco de enfermidade grave a partir dos 6 meses de idade. Pero dado o número elevado de hospitalizacións, visitas médicas, consumo de antibióticos e mesmo as frecuentes complicacións na poboación infantil, decidiuse este ano recomendar a vacinación a todos os nenos e nenas entre os 6 e os 59 meses.

Na web temática da gripe <https://gripe.sergas.gal> pódese atopar toda a información técnica, de xestión e de evolución da campaña. Ase mesmo, xuntamos como anexo as recomendacións ante a aparición de casos sospeitosos e xuntamos información gráfica sobre as mesmas e a campaña de vacinación.

O esforzo, levado a cabo desde o voso centro, para iniciar ou consolidar actividades de captación neste grupo de poboación tan vulnerable na que está indicada a vacinación, suporá a protección dun maior número de persoas en risco.

Agradezo de antemán o teu interese e a inestimable colaboración nesta actuación que contribúe a aumentar o nivel de saúde da nosa poboación.

Un cordial saúdo,





ANEXO

MEDIDAS ANTE A APARICIÓN DE CASOS SOSPEITOSOS DE GRIPE OU DE INFECCIÓN RESPIRATORIA NAS ESCOLAS INFANTÍS

A gripe é unha enfermidade infecciosa que se **transmite por gotas ao esberrar e tusir**, ou polo **contacto coas superficies contaminadas** por secrecións respiratorias.

A sintomatoloxía típica comeza de forma brusca cunha combinación dos seguintes síntomas: **febre, tos seca, dor de cabeza, dor muscular e articular, malestar xeral, congestión nasal e dor de gorxa**. Nos nenos tamén son frecuentes **náuseas, vómitos e diarrea**.

A complicación máis frecuente é a pneumonía viral ou bacteriana, podendo chegar a ser grave nos escolares menores de 5 anos, nos adultos maiores de 64 anos e nas persoas con factores de risco.

Debido a que se trata dunha infección producida por un virus **non se recomenda o uso xeneralizado de antibióticos** xa que non sería efectivo e mesmo podería xerar resistencias bacterianas.

No inverno circulan outros virus ademais da gripe que tamén son contagiosos polo que ante a aparición de casos con infección respiratoria nun centro, recoméndase aplicar as seguintes medidas preventivas:

- MEDIDAS HIXIÉNICAS XERAIS

- Asegurar un correcto lavado de mans con auga e xabón (mínimo de 40 segundos, frotando ben as mans) ou desinfección de mans con xel hidroalcohólico (20 segundos).
- Manter unha adecuada hixiene respiratoria: esberrar ou tusir en panos limpos desbotables ou na cara interior do cóbado e realizar un lavado das mans se hou-



bo contacto con secrecións respiratorias. En xeral evitar tocar o nariz, a boca e os ollos.

- Ventilar frecuentemente os espazos mediante ventilación cruzada, se é posible.
- Realizar unha limpeza e desinfección de superficies frecuente, facendo fincapé naquelas de maior contacto ou contaminadas con secrecións (como pomos, mesas, interruptores, pasamáns, etc.).

- ACTUACIÓN ANTE SÍNTOMAS RESPIRATORIOS NO DOMICILIO

- Recoméndase non acudir ao centro ata que rematen os síntomas, ou polo menos, ata 24 horas tras a febre sen uso de antitérmicos.
- De ser necesario, pola intensidade dos síntomas, consultar co seu pediatra/médico de cabeceira.

- MEDIDAS ESPECÍFICAS ANTE UN CASO SOSPEITOSO NO CENTRO

- Recoméndase o uso de máscara no caso de presentar síntomas de infección respiratoria, o que se estende tamén ao persoal que atende a estas persoas.
- Procurar reducir as interaccións no centro na medida do posible, limitando o grupo exposto, sobre todo con persoas que presenten factores de risco.